



REDES E COLECTIVOS

Unha entidade con vocación social como Árbore ten, por definición, que estar atenta ao que sucede na contorna e, en particular, ten que participar en distintos colectivos que teñen vocación militante no eido ecosocial. Dito isto, é imposible participar activamente en todo e cómpre establecer prioridades. Ademais, hai un obxectivo indirecto desta participación: dar a coñecer o proxecto e lograr que aumente a nosa base social. Deseguido imos explicar en que redes e colectivos participamos activamente e como interactuamos co resto.

PERTENZA A REDES

Árbore é membro de:

- **Rede de Supermercados Cooperativos (RSC)**: somos socias da rede dende 2023 e participamos moi activamente. Na actualidade (2025), Miguel é membro da Junta Directiva da rede e participa no grupo de Comunicación. Cándido está nos grupos de Tecnoloxía (Odo) e Compras conxuntas. Ademais, como explicamos no documento adicado ás subvencións, solicitamos conxuntamente coa rede dous PERTE, un xa aprobado e en execución, e outro pendente de aprobación. Por todo isto, a participación na RSC debe ser unha prioridade, xa que ademais de compartir os nosos valores, tamén é unha ferramenta para seren máis fortes no noso sector e procurar o apoio mutuo con outros supermercados cooperativos do Estado. O Consello Reitor deberá valorar quen vai substituír a Miguel e Cándido, pero sería unha gran perda reducir a nosa participación aquí. Polo tipo de rede que é tamén sería recomendable que a participación máis activa a fagan traballadoras, xa que a participación de voluntarias é máis irregular e hai grupos de traballo para os que hai que coñecer o Odo. Con todo, hai espazos dentro da rede na que poderían participar socias voluntarias (como de feito fan noutras cooperativas).
- **Espazocoop**: somos socias da unión de cooperativas galegas e, dentro dela, tamén participamos na sectorial de cooperativas de consumo. Espazocoop é unha referencia en todo o relacionado co cooperativismo e ofrécenos moita formación/información útil. Ademais de participar nas asembleas e encontros, xa nos convidaron varias veces a impartir faladoiros sobre a nosa actividade, co engadido de que estas colaboracións adoitan pagalas (polo que é un pequeno ingreso extra). Até o de agora é Miguel quen se ocupa de todo isto como coordinador e persoa responsable de Comunicación, polo que, para manter o noso nivel de implicación, cómpre decidir quen o vai substituír.
- **REAS Galicia**: somos socias da asociación territorial de REAS Red de Redes. A nosa implicación adoita consistir en acudir ás asembleas e participar nos encontros e eventos. Puntualmente convídannos a participar en faladoiros (que adoitan pagar). De novo, até o de agora é Miguel quen se ocupa de todo isto como coordinador e persoa responsable de Comunicación, polo que, para manter o noso nivel de implicación, cómpre decidir quen o vai substituír.
- **Outras cooperativas**: somos socias de varias cooperativas coas que temos contratados distintos servizos (Som Connexión para a telefonía e Internet, Nosa Enerxía para a electricidade, Fiare e Coop57 para servizos financeiros). A nosa participación é variable, pero non adoita ir máis aló de acudir ás asembleas. Tamén colaboramos cedendo o noso local cando queren organizar algún evento en Vigo. Nesta [sección da web](#) están as ligazóns a todos estes colectivos.



OUTROS COLECTIVOS

En Árbore estamos abertas a colaborar con todo tipo de colectivos relacionados cos movementos ecosociais e así cedemos o noso local social para eventos (charlas, xuntanzas, asembleas), somos punto de recollida de sinaturas en movementos sociais (p. ex., a oposición a Altri, aos megaproxectos eólicos ou á destrución da carballeira de Navia).

Tamén sucede decote que nos piden que compartamos información. A este respecto, adoitamos compartila na canle de Telegram ou na última parte do boletín mensual. En redes sociais, só compartimos cousas doutras entidades como stories de Instagram, pero non adoitamos facer publicacións permanentes para non afectar a coherencia da nosa imaxe de marca. O criterio para decidir que podemos compartir e que non é un pouco subxectivo, pero principalmente consiste en que sexan iniciativas sen ánimo de lucro e de movementos ou colectivos recoñecidos pola súa loita no ámbito do ecoloxismo, o feminismo, os dereitos colectivos...

Por último, varias socias da cooperativa son profesoras en centros de secundaria da contorna. Con elas adoitamos organizar varias veces ao ano visitas de alumnado para falarlles de consumo consciente e responsable e que coñezan unha cooperativa de consumo. Na maioría dos casos, veñen elas á tenda, pero tamén pode suceder que vaíamos nós ao centro para dar unha charla. Puntualmente, poden pagarnos por estas actividades (se contan con algunha subvención), pero é algo que facemos de todos os xeitos.

GRUPOS DE TRABALLO

En Árbore houbo momentos no pasado no que houbo grupos de socias voluntarias que dinamizaron o uso do local social. Despois da pandemia, isto quedou parado e a falta de participación interna é unha cuestión preocupante.

Sería moi interesante reactivar estes grupos de traballo, pero é un reto conseguir que as socias consumidoras se impliquen na cooperativa (máis aló do relevo que vai habendo para ocupar postos no Consello Reitor).